



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia		Código	653G01207
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Groba Gonzalez, Betania		Correo electrónico	b.groba@udc.es
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania		Correo electrónico	b.groba@udc.es
	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina			natalia.rivas.quarneti@udc.es
	Viana Moldes, Ines			ines.viana@udc.es
Web	campusvirtual.udc.gal			
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional, na infancia e na adolescencia, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional da/o terapeuta ocupacional neste ámbito. Descriptor: Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a inclusión da/o/s nena/o/s e adolescente/s. Aplicación da actividade ocupacional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia das persoas usuarias nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional.	A9	B3	C8
	A10	B9	
Manter e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias	A15 A20 A24	B9	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A1 A3 A6 A9 A11 A13 A14 A23	B19 B24	C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco en infantes e adolescentes con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir con infantes e adolescentes coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal.	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9 B36	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar. 1.2 Análise das principais ocupacións na infancia e adolescencia. 1.3 Análise dos recursos sociocomunitarios. 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores.
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	2.1 Aproximación á calidade de vida desde Terapia Ocupacional. 2.2 Historia de vida.
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico. 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais.
Tema 4.- Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para a infancia e a adolescencia	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos. 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica. 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional. 4.4 Relación co equipo interdisciplinar. 4.5 Perfil das persoas usuarias.



Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional na infancia e adolescencia: Autonomía persoal e Participación

5.1 Derivación.

5.2 Screening/valoración inicial.

5.3 Fundamentos teóricos relevantes para Terapia Ocupacional para a Promoción da Autonomía persoal na Infancia e Adolescencia e a súa aplicación:

- Marcos de Referencia Teóricos Primarios.
- Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional da Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso, entre outros.
- Articulación co conxunto de técnicas pertinente.
- Ciencia da ocupación.
- Práctica centrada na familia.
- Práctica baseada na evidencia.
- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde. Infancia e adolescencia.

5.4 Avaliación ocupacional:

- Perfil ocupacional e análise do desempeño.
- Persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s.
- Áreas de desempeño ocupacional.
- Avaliación das contornas significativas: domicilio, centro educativo, centro de ocio e tempo libre e demais recursos comunitarios.
- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e saúde e benestar das persoas/grupos/comunidades.
- Ferramentas estandarizadas e non estandarizadas.
- Técnicas cualitativas e cuantitativas.

5.5 Planificación de metas e obxectivos en colaboración coa persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMORT.

5.6 Planificación e intervención desde Terapia Ocupacional.

- Consenso co/a usuaria/o, familia, profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da/o usuaria/o, as situacións de saúde de maior incidencia (por exemplo: parálise cerebral; parálise braquial obstétrica; discapacidades sensoriais; trastornos do desenvolvemento; trastornos da conducta alimentaria; trastornos da conducta; trastornos do estado de ánimo; drogodependencias); así coma situacións de vulnerabilidade social (pobreza, exclusión, inmigración/desprazamento forzado, violencia machista, entre outras.) que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional e/ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais das persoas/grupos/comunidades.
- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa en colaboración co/a usuaria/o, grupo/s, poboación/s, familia, profesionais, entre outros.

5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras de



participación en ocupacións da infancia e adolescencia. Produtos de apoio, actitudes/crenzas, alianzas, etc.

5.8 Asesoría de terapia ocupacional cos infantes e adolescentes: persoa/s, grupo/s, comunidade/s e demais profesionais, familias, amigas/os e outros.

5.9 Planificación da alta, seguimento e/ou derivación.



Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros). 6.2 Actualización permanente da/o profesional.
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	30	10	40
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	50	33	83
Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	25	25	50
Aprendizaxe servizo	A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4	4	8	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A23 A29 B3 B19 B24 B36 C4 C7 C8	8	0	8
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	2	25	27
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.



Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.
Aprendizaxe servizo	Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.
Estudo de casos	As docentes da materia estarán dispoñibles nos despachos do centro ou a través da ferramenta Teams, segundo o horario de titoría e as circunstancias específicas. Os horarios e o formato serán comunicados ao estudiantado ao inicio da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	A asistencia e participación será obrigatoria e valorarase a capacidade da/o alumna/o para integrar os conceptos teóricos impartidos na clase así como a demostración da adquisición das competencias da materia.	5



Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	Asistencia e participación obrigatoria. Valorarase 1) actitude e participación: Actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación(interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); Respecto (aos participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesma/o e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe). Asemesmo, valorarase 2) a memoria do laboratorio: cumprir as instrucións, a presentación (coidado, ortografía, linguaxe) e a reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio).	30
Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo como o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Polo tanto, terase en consideración a evolución do estudantado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda) así como a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de traballo. No referente ao contido valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da(s) persoa(s), grupo/poboación, as súas ocupacións e contextos, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos da práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persona Entorno Ocupación, Modelo da adaptación a través da Ocupación, Modelo Australiano de Terapia Ocupacional, entre outros. Finalmente na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así como a capacidade de expresión escrita (erros gramaticais e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal acorde ao foro).	30
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	35

Observacións avaliación



O sistema de cualificación exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable). A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación, e/ou que non se presente á proba mixta no período oficial de avaliación.

Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderase establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puidese establecer.

Se valorará a puntualidade e asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, a/o estudante debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia. Ademais, será necesario ter unha cualificación mínima de 1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/conségue dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta.

As notas obtidas no resto das metodoloxías serán tidas en conta para a súa cualificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a proba mixta. No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño) pola ausencia ás Prácticas de laboratorio, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, a tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

A docente

responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspense na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica ?0?) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozardun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Portanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.



Bibliografía básica

American Occupational Therapy Association. (2020). Occupational Therapy Practice Framework: Domain and Process - Fourth Edition. The American Journal of Occupational Therapy, 74(Supplement_2), 7412410010p1-7412410010p87. doi: 10.5014/ajot.2020.74S2001Ayres, Anna Jean. (1998). La integración sensorial y el niño. Trillas.Cahill, Susan, y Beisbier, Stepahnie. (2021). Occupational Therapy Interventions for Children and Youth Ages 5 to 21 Years. The American Journal of Occupational Therapy, 75(4), 7404397010p1-7404397010p48. <https://doi.org/10.5014/ajot.2021.754001>Christie, Ann, y Scaletti, Rowena. (2001). Child, adolescent and family occupational therapy services in New Zealand. En Linda L. Florey, Deborah Hutton, y Gita Ingram (Eds.), Occupational Therapy for Child and Adolescent Mental Health (pp. 192-218). Churchill Livingstone.Clark, Florence A., Parham, Diane, Carlson, Michael E., Frank, Gelya, Jackson, Jeanne, Pierce, Doris, Wolfe, Robert J., y Zemke, Ruth. (1991). Occupational Science: Academic Innovation in the Service of Occupational Therapy's Future. The American Journal of Occupational Therapy, 45(4), 300-310. <https://doi.org/10.5014/ajot.45.4.300>Consejo General de Colegios de Terapeutas Ocupacionales (CGCTO), Conferencia Nacional de Decanas y Decanos de Terapia Ocupacional (CNDEUTO), y Sociedad Científica de Terapia Ocupacional (Socinto). (2021). Documento de posición sobre el uso de la actividad y la participación como herramienta terapéutica en la atención a la infancia.Costa, Ursula M., Brauchle, Gernot, y Kennedy-Behr, Ann. (2017). Collaborative goal setting with and for children as part of therapeutic intervention. Disability and Rehabilitation, 39(16), 1589-1600. <https://doi.org/10.1080/09638288.2016.1202334>División de Desarrollo Humano. Centro Nacional de Defectos Congénitos y Discapacidades del Desarrollo. Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades. (2022). Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades. Aprenda los signos. Reaccione pronto. <https://www.cdc.gov/ncbddd/Spanish/actearly/index.html>Domingo Sanz, María Ángeles. (2015). Terapia Ocupacional en Pediatría. Síntesis.Dunbar, Sandra B. (2007). Occupational Therapy Models for Intervention with Children and Families. SLACK Incorporated.Duncan, Edward A. S. (2020). Foundations for practice in occupational therapy (Sixth Ed). Elsevier.Egan, Mary, y Restall, Gayle. (2022). Promoting Occupational Participation: Collaborative Relationship-focused Occupational Therapy: 10th Canadian Occupational Therapy Guidelines. Canadian Association of Occupational Therapists.Fisher, Anne G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: Same or different? Scandinavian Journal of Occupational Therapy, 20(3), 162-173. <https://doi.org/10.3109/11038128.2012.754492>Galanter, Cathryn A., y Jense, Peter S. (2011). DSM-IV. Salud mental en niños y adolescentes. Estudio de casos y guía terapéutica. Médica Panamericana.Gillen, Glen, Willard, Helen S., Spackman, Clare S. y Brown, Catana. (2024). Willard and Spackman's Occupational Therapy. 14th edition. Wolters Kluwer.Groba, Betania, Nieto-Riveiro, Laura, Canosa, Nereida, Concheiro-Moscoso, Patricia, Miranda-Duro, María del Carmen, y Pereira, Javier. (2021). Stakeholder Perspectives to Support Graphical User Interface Design for Children with Autism Spectrum Disorder: A Qualitative Study. International Journal of Environmental Research and Public Health, 18(9), 4631. <https://doi.org/10.3390/ijerph18094631>Iwama, Michael K., y Simó, Salvador. (2008). El modelo Kawa (río). The Kawa or river model of Occupational Therapy. TOG (A Coruña), 5(8), 1-24.Keller, Jessica, Kafkes, Ana, y Kielhofner, Gary. (2005). Psychometric Characteristics of the Child Occupational Self-Assessment (COSA), part one: an initial examination of psychometric properties. Scandinavian journal of occupational therapy, 12(3), 118-127. <https://doi.org/10.1080/11038120510031752>Kielhofner, Gary. (2006). Fundamentos conceptuales de la Terapia Ocupacional. Médica Panamericana.Larson, Elisabeth, Wood, Wendy, y Clark, Florence. (2005). Ciencia Ocupacional: desarrollo de la ciencia y la práctica de la ocupación a través de una disciplina académica [Occupational Science: science and professional development through an academic discipline]. En Willard & Spackman, Terapia Ocupacional (10a Ed, pp. 15-26). Buenos Aires; Madrid: Médica Panamericana.Le Métayer, Michel. (1994). Reeducción cerebromotriz del niño pequeño. Masson.Lopes, Roseli E., Adorno, Rubens de C. F., Malfitano, Ana Paula S., Takeiti, Beatriz A., Silva, Carla R., y Borba, Patricia L. de O. (2008). Poor youth, violence and citizenship. Saúde e Sociedade, 17(3), 63-76. <https://doi.org/10.1590/S0104-12902008000300008>Matsushima, Kanae, y Kato, Toshihiro. (2013). Social Interaction and Atypical Sensory Processing in Children with Autism Spectrum Disorders. Hong Kong Journal of Occupational Therapy, 23(2), 89-96. <https://doi.org/10.1016/J.HKJOT.2013.11.003>Máximo Bocanegra, Nuria, Arana Echevarría, Jose Luis, Sánchez Cabeza, Ángel, Martínez Piédrola, Rosa M., y Pérez de Heredia Torres, Marta. (2006). Manual de actividades didácticas: Terapia Ocupacional en afecciones de origen pediátrico y neurológico. Dykinson.Moll, Bernardo, y Vic, Mónica. (2014). La Historia de Jan. <http://lahistoriadejan.com/>Mulligan, Shelley. (2006). Terapia ocupacional en pediatría: proceso de evaluación. Médica Panamericana.Novak, Iona, y Honan, Ingrid. (2019).



Effectiveness of paediatric occupational therapy for children with disabilities: A systematic review. Australian Occupational Therapy Journal, 66(3), 258-273. <https://doi.org/10.1111/1440-1630.125730> Brien, Jane C., y Kuhaneck, Heather. (2019). Case-Smith's Occupational Therapy for Children and Adolescents (8th Ed.). Elsevier. Parham, L. Diane, y Fazio, Linda S. (2008). Play in Occupational Therapy For Children (2nd Ed). Elsevier Inc. Polatajko, Helene J., y Mandich, Angela. (2004). Enabling Occupation in Children: the Cognitive Orientation to daily Occupational Performance (CO-OP) Approach. Canadian Association of Occupational Therapists. Polonio López, Begoña, Castellanos Ortega, María Cruz, y Viana Moldes, Inés. (2008). Terapia Ocupacional en la infancia. Teoría y práctica. Médica Panamericana. Reilly, Mary. (1974). Play as exploratory learning: Studies of curiosity behavior. Sage Mark. Rodger, Sylvia, y Kennedy-Behr, Ann. (2017). Occupation-Centred Practice with Children: A Practical Guide for Occupational Therapists (2nd Ed). Wiley-Blackwell. Rodger, Sylvia, y Ziviani, Jenny. (2006). Occupational Therapy with Children: Understanding Children's Occupations and Enabling Participation. Blackwell Pub. Schaaf, Roseann. C., y Mailloux, Zoe. (2015). Clinician's guide for implementing Ayres Sensory Integration®: promoting participation for children with autism. American Occupational Therapy Association. Shonkoff, Jack P., y Meisels, Samuel. (2000). Handbook of Early Childhood Intervention. Cambridge University Press. Vélez, Claudia Marcela, y García, Héctor Iván. (2012). Medición de la calidad de vida en niños. Iatreia, 25(3), 240-249. Viana-Moldes, Inés, y Rivas-Quarneti, Natalia. (2013). Terapia Ocupacional en adolescentes y jóvenes. En Óscar Sánchez Rodríguez, Begoña Polonio López, y Mariel Pellegrini Spangenberg (Eds.), Terapia ocupacional en salud mental: teoría y técnicas para la autonomía personal (pp. 217-238). Médica Panamericana. World Health Organization. (2007). International Classification of Functioning, Disability, and Health - Children and Youth Version. World Health Organization.



Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía II/653G01203

Pediatría, Psiquiatría e Rehabilitación Infanto-xuvenil/653G01205

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Prácticas III/653G01211

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción del Programa Green Campus (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación. 3.- Durante o período lectivo da materia, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros de carácter optativo para afondar en certos contidos e técnicas moi específicas que complementan o desenvolvemento da materia.

4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...).

Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías